



## Federación Galega de Atletismo

Avda. de Glasgow, 13. Complexo Deportivo de Elviña. Teléfono:  
981291683 - Fax: 981-292056. Correo: [fgatletismo@telefonica.net](mailto:fgatletismo@telefonica.net).  
Páxina Web: <http://www.atletismogalego.org> - 15008 - A CORUÑA



XUNTA DE GALICIA  
PRESIDENCIA  
Secretaría Xeral para o Deporte

### **CIRCULAR 5/2010**

- A todas as Delegacións (\*)
- Aos clubs e adestradores

(\*) Para a súa distribución entre todos os estamentos da súa demarcación

## **CAMPIONATO GALEGO CADETE E XUVENIL DE CAMPO A TRAVES INDIVIDUAL E POR EQUIPOS**

Ourense, 17 de xaneiro do 2010

1.- A Delegación da FGA en Ourense organizará o **Campionato Galego cadete e xuvenil individual e por equipos de campo a través** o domingo 17 de xaneiro do 2010 en **Ourense no circuito de Monterrei**.

2.- O Campionato disputarase na categoría *cadete* (anos 1995-96) e *xuvenil* (anos 1993-94) (homes e mulleres).

3.- Poderán intervir todos aqueles atletas das citadas categorías que se atopen en algunha das seguintes condicións:

- 3.1.- Atletas que ficharan durante a tempada actual (2009/10) por algún Clube pertencente a Comunidade Galega.
- 3.2.- Atletas con ficha pola FGA, inda que pertezcan a Clubes de outras Comunidades Autónomas.
- 3.3.- Atletas nacionais ou extranxeiros convidados expresamente pola FGA, que non reúnan ningunha das dúas anteriores condicións.

4.- Realizarase unha clasificación individual e outra por equipos en cada unha das categorías. Para a clasificación por equipos terase en conta os seis primeiros atletas que cheguen á meta e sumaranse os postos dos catro primeiros. Asemade existirá un título honorífico ao club que obteña a mellor puntuación sumando os puntos da categoría masculina e da feminina.

5.- A clasificación por equipos realizarase da seguinte forma:

- 5.1.- Confeccionarase unha lista de chegada formada polos atletas que compoñen os equipos, con exclusión dos que non clasificaron a lo menos 4 atletas.
- 5.2.- Esta lista somentes estará formada polos atletas dos clubs que enviaron a inscrición a FGA no prazo previsto.
- 5.3.- A cada atleta se lle atribuirá un número de puntos coincidente co posto que ocupe segundo esta nova lista de chegada.
- 5.4.- Sumaranse os puntos dos 4 millores clasificados de cada equipo, salvo na categoría cadete e xuvenil mulleres que soamente computarán as 3 millores clasificadas.
- 5.5.- Será proclamado vencedor o equipo que obteña o menor número de puntos.

**PATROCINADORES  
OFICIAIS**



**PROVEEDOR**





## Federación Galega de Atletismo

Avda. de Glasgow, 13. Complexo Deportivo de Elviña. Teléfono:  
981291683 - Fax: 981-292056. Correo: [fgatletismo@telefonica.net](mailto:fgatletismo@telefonica.net).  
Páxina Web: <http://www.atletismogalego.org> - 15008 - A CORUÑA



XUNTA DE GALICIA  
PRESIDENCIA  
Secretaría Xeral para o Deporte

5.6.- Os empates a puntos resolveranse a favor do equipo cuio cuarto (terceiro na categoría cadete e xuvenil mulleres) atletas terminara máis próximo ó vencedor da proba.

6.- Horarios e distancias aproximadas de cada unha das carreiras.

CAMPIONATO GALEGO DE CAMPO A TRAVES CADETE-XUVENIL			
HORA	CATEGORIA	SEXO	DISTANCIA
12.00	CADETE-XUVENIL	Mulleres	3.400 m. aprox.
12.20	CADETE-XUVENIL	Homes	5.400 m. aprox.

7.- As inscricións realizaranse a través do sistema online na web da FGA [www.atletismogalego.org](http://www.atletismogalego.org), como data límite o mércores anterior a competición, ata as 20'00 horas do día **13 de xaneiro**.

8.- Os Delegados oficiais dos Clubes, poderán confirmar a composición dos seus equipos, así como retirar os seus dorsais, ata 40' antes da saída de cada proba. Rematado este período non se admitirá a participación do atleta.

9.- A orde de colocación dos respectivos equipos na saída establecerase por sorteo.

10.- Entregaranse medallas aos tres primeiros atletas clasificados a nivel individual así coma trofeos os tres primeiros equipos.

11.- Todo o non disposto no presente Regulamento resolverase da acordo coas normas da IAAF.

Victor Arufe Giraldez  
Secretario Xeral da FGA  
(Asdo. no Orixinal)

A Coruña, a 5 de xaneiro de 2010

PATROCINADORES  
OFICIAIS



PROVEEDOR

